

PREGO DE CONDICIÓN S QUE REXERAN NA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTO DE AUXILIAR DE TURISMO

Obxecto da convocatoria: fixar as bases polas que se rexerá a contratación laboral temporal dun posto de auxiliar de turismo, baixo a modalidade de contrato por obra ou servizo determinado. A contratación levarase a cabo ao amparo do previsto na Lei do emprego de Galicia, RDL 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e na lexislación laboral aplicable. O proceso desenvolverase baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade e transparencia, promovéndose a selección entre persoas cualificadas profesionalmente para levar a cabo este traballo, todo isto coa publicidade que a súa tramitación require.

Duración do contrato: ata o 31 de decembro de 2017.

Remuneración: será a prevista no orzamento vixente do Concello, 1.000 € brutos mensuais, por todos os conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Instancias e admisión: as instancias para solicitar tomar parte nesta convocatoria presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou de calquera das formas previstas no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de **10 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia** e dirixiranse ao presidente da corporación. A convocatoria publicarase así mesmo no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

As instancias deberán ir acompañadas dos seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada do título esixido.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados, que se axusten ao baremo das presentes bases, mediante fotocopia compulsada.
- Acreditación da experiencia en contratacións similares en oficinas públicas de información turística, por medio dun certificado emitido pola entidade ou copia dos contratos.
- Currículo de cada aspirante.

No suposto de enviar a solicitude por correo postal ou portelo único, será imprescindible comunicar por fax (núm. 986 731 142) ao Concello do Grove o envío da solicitude dentro do prazo de presentación de instancias.

As resolucións da Alcaldía sobre a lista de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e chamamento único para a fase de oposición, lugar e hora do exame, e demais, serán publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web

municipal.

Condições dos aspirantes: para poder tomar parte no proceso selectivo é requisito indispensable posuír o título de FP en rama de Turismo ou superior e do nivel 3 do Certificado de lingua galega (Celga 3) ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse a homologación correspondente.

Comisión cualificadora:

Os membros da comisión cualificadora serán designados pola Alcaldía e deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

1. Composición:

- a) Presidente: será o funcionario nomeado polo alcalde-presidente.
- b) Tres vogais: serán funcionarios ou persoal laboral fixo cunha titulación igual ou superior á requirida para o posto de traballo que se está a prover.
- c) Secretario: un funcionario do Concello.

2.-O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros titulares ou suplentes, indistintamente, sendo necesaria a presenza do presidente e secretario. As decisións tomaranse por maioría.

3. Poderá dispoñerse a incorporación de asesores especialistas para todas ou algunha das probas. Os ditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto.

4. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir no proceso selectivo, notificándollo ao alcalde, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal, conforme o establecido no artigo 24 da mencionada Lei 40/2015.

Convocatoria e sesións do tribunal: para a válida constitución da comisión cualificadora, para os efectos de celebración de sesións, deliberación e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e secretario ou, de ser o caso, de quen os substitúan e da maioría absoluta dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, en primeira convocatoria. Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria unha hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e, en todo caso, un número non inferior a tres.

Procedemento de selección: consistirá nun concurso-oposición de conformidade cos baremos anexos a esta convocatoria.

Nomeamento: o nomeamento do aspirante levarao a cabo a Alcaldía a proposta da Comisión Cualificadora.

No caso de renuncia da persoa seleccionada, proporase a contratación da seguinte segundo a orde da lista de cualificacións.

Incorporación ao servizo: oportunamente comunicaráselle á persoa seleccionada a data para o inicio dos servizos, horario e demais cuestións relativas ao posto de traballo.

Pago das retribucións: efectuarao a Tesourería municipal con cargo á partida existente no orzamento vixente.

FASE OPOSICIÓN. De carácter obrigatorio e eliminatorio. 60 % da puntuación total do sistema de selección.

Exercicio único: consistirá en contestar preguntas cortas sobre varios temas relacionados co temario, que figura como anexo I, durante un tempo máximo de 60 minutos. Algunha das preguntas formuladas deberá responderse en inglés.

Este exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo imprescindible acadar un mínimo de 5 puntos para optar á fase de concurso. Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou documento acreditativo da súa personalidade.

FASE CONCURSO: 40 % da puntuación total, do sistema de selección, segundo baremo que figura como anexo II. Nesta fase valoraranse exclusivamente os méritos específicos adecuados á praza convocada. Esta fase levarase a cabo unha vez rematada a fase de oposición.

Tanto na valoración do exame como a valoración de méritos, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte á dita publicación na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición e, se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida na fase de concurso. De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros. No primeiro caso, cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas ambas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

ANEXO I

TEMARIO TURISMO 2017

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
3. O municipio.
4. Ordenanzas e regulamentos do Grove.
5. Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.
6. Decreto 73/2015, do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.
7. Características xeográficas de Galicia.
- 8.-As Rías Baixas e O Salnés.
9. Recursos turísticos do Grove.
10. Principais festas do Concello do Grove.
11. Arqueoloxía e patrimonio do Grove.
12. Praias e outros recursos naturais do municipio do Grove.

ANEXO II

BAREMO DE MÉRITOS:

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL	2 puntos máximo
----------------------------	-----------------

- 1 punto por cada ano completo de servizos prestados, baixo contratación, nunha oficina de información turística local, provincial, autonómica ou estatal.

2. COÑECEMENTO DE IDIOMAS.	3 puntos máximo
----------------------------	-----------------

- Curso de inglés, francés, alemán ou italiano dunha Escola Oficial: Nivel básico 0,75 puntos; Nivel medio 1 punto; nivel avanzado 1,25 puntos.
- Curso perfeccionamento de galego ou Celga 4: 0,5 puntos.

3. FORMACIÓN	5 puntos máximo
--------------	-----------------

- Por licenciatura ou grao en Filoloxía, Belas Artes, Historia ou Turismo: 1,25 puntos.
- Por diplomatura en Turismo: 0,75 puntos.

- Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración pública relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria: ata un máximo de 3 puntos.

- Máster ou Postgrao (relacionado co sector turístico): 1 punto
- Curso de 100 ou máis horas: 0,25 puntos
- Curso de 60 a 99 horas: 0,20 puntos
- Curso de 30 a 59 horas: 0,15 puntos
- Curso de 19 a 29 horas: 0,10 puntos
- Curso de 10 ou máis créditos: 0,25 puntos
- De 6 a 9 créditos: 0,20 puntos
- De 3 a 5 créditos: 0,15 puntos
- De 1 a 2 créditos: 0,10 puntos.

Os cursos cunha duración inferior a 19 horas ou aqueles que non acrediten a duración dos cursos, serán valorados a razón de 0,05 puntos.

Os títulos presentados e que figuran no apartado de condición de acceso non se puntuarán.

Unha vez rematado todo o proceso a comisión cualificadora propondrá a Alcaldía a contratación do/a aspirante con mellor cualificación.

O Grove, 28 de febreiro do 2017

Jose A. Cacabelos Rico

Alcalde do Concello do Grove